Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Xeografía mítica

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Milagres da Nosa Señora dos Remedios de Ourense

A Nosa Señora dos Remedios ten capela na cidade de Ourense, no antigo Campo do Desafío, ó lado da Ponte Vella e fáiselle romería o 8 de setembro. Nun dos exvotos que se conservan no interior faise memoria dun milagre acontecido mesmo enfronte do santuario.

Un home e un neno, o fillo do carreteiro, pasaban cun carro cantareiro cargado por diante da capela.

Sen que se saiba a causa os animais collen medo, botan a correr e o carro, con toda a súa carga, pasa por enriba do ventre do neno.

Acoden veciños que collen o rapaz e lévano de urxencia á casa dun médico. Mentres, o pai, que xa non confía noutro remedio, pídelle axuda á Virxe da capela.

E cando chegan co cativo xunto do médico o neno estaba ileso, sen a máis lixeira marca nin mancadura, o que se interpretou, obviamente, como prodixio da Virxe dos Remedios.

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

FRAGUAS FRAGUAS, A. Romerías e santuarios, Vigo, Galaxia, 1988.Gil ATRIO, C., Santos gallegos, Ourense, 1968.López Cuevillas,

F., «Los Remedios», en La Región, Ourense, 7 de setembro de 1946.

LORENZO FERNÁNDEZ, X., O carro no folclore de Galicia, Serie Alicerces 16, Museo do Pobo Galego, 2003.